

Os **A**TENDE **Agro** do Issga

Prevención de riscos laborais na APICULTURA



Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral



MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE

GALICIA
inviste no **RURAL**



**XUNTA
DE GALICIA**

ÍNDICE

1. Xeneralidades.....	3
1.1 - Situación	
1.2 - Documentación preventiva	
2. Riscos de caída de persoas ao mesmo nivel.....	5
3. Riscos de caída de persoas a distinto nivel.....	6
4. Riscos de caída de obxectos.....	8
5. Riscos dos equipos de traballo.....	9
6. Riscos dos equipos que se desprazan.....	10
7. Riscos eléctricos.....	11
8. Trastornos musculoesqueléticos.....	12
8.1 - Manipulación de cargas e posturas forzadas	
8.2 - Movementos repetitivos	
9. Riscos químicos.....	15
9.1 - Produtos usados en desinfección	
9.2 - Medicamentos veterinarios	
10. Accidentes causados por animais vivos.....	18
11. Picaduras de abellas.....	19
12. Exposición solar.....	21
13. Perspectiva de xénero.....	22
14. Prevención de incendios.....	23
15. Medidas de emerxencia.....	24
16. Primeiros auxilios.....	25
17. Equipos de protección individual.....	26
18. Lexislación básica, bibliografía e páxinas web.....	27

Autoría: M. Cristina Cotón Varela. Técnica superior de prevención de riscos laborais

Coordinación: Héctor González Nóvoa. Técnico superior do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Edita: Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga)

Casa da Parra
Praza da Quintana, s/n
Santiago de Compostela
issga.xunta.es

Depósito Legal: C 1840-2015

Deseño e maquetación: Juli Molares

Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga na seguinte ligazón:

<http://issga.xunta.es/portal/contido/documentacion/publicacions/>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución -CompartirIgual 3.0 España de Creative Commons.

Para ver unha copia da licenza, visite:

https://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.es_ES



Xeneralidades

1

1.1 Situación

Respecta as distancias que fixa a normativa para evitar danos a outros traballadores e terceiros.

	Decreto 339/2009 Ata 15 colmeas	Real decreto 209/2002 Máis de 15 colmeas
Establecementos colectivos públicos	400 m	400 m
Centros urbanos		400 m
Núcleos de poboación	400 m	400 m
Vivendas rurais habitadas	50 m	100 m
Instalacións pecuarias	50 m	100 m
Autoestradas, autovías e vías rápidas	100 m	
Estradas nacionais	50 m	200 m
Estradas autonómicas, comarcais e provinciais	50 m	50 m
Estradas locais	25 m	
Camiños veciñais	25 m	25 m
Pistas forestais	As colmeas instalaranse nos bordos sen obstruír o paso	

- Nas explotacións de autoconsumo:
 - Non se considera a distancia á vivenda e instalacións pecuarias do apicultor.
 - Ata 4 colmeas a distancia ás vivendas rurais habitadas e instalacións pecuarias poderá reducirse ata 50 m e a distancia a núcleos de poboación poderá reducirse ata 12,5 m, se existe unha barreira física de polo menos 2 m de altura.
- As distancias a estradas e camiños :
 - Poden reducirse un 50% se a alvariza está en pendente e a unha altura ou desnivel superior de 2 m con respecto á estrada ou camiño.
 - En instalacións de autoconsumo poden reducirse un 75% se a dita altura ou desnivel é superior a 3 m.
- As distancias poderán reducirse ata un 75 % se a alvariza ten unha barreira física natural ou artificial de polo menos 2m de altura, excepto para distancia a vivendas e instalacións pecuarias en instalacións de autoconsumo que non poderá ser menor de 25 m.

REXISTRO

Solicita a alta da túa explotación no Rexistro Galego de Explotacións Apícolas (**RGEAP**)

IDENTIFICACIÓN



SINALIZACIÓN

**ATENCIÓN
ABELLAS**



Unha vez inscrita no RGEAP, a túa explotación está autorizada e asígnaselle un código de identificación que deberás marcar en cada colmea. Deberás ter un libro de rexistro, denominado **Caderno de explotación apícola e de transhumancia**, (CEAT) que tes que validar cada ano.

É recomendable sinalizar a presenza de abellas para evitar riscos a terceiros

1

Xeneralidades

1.2 Documentación preventiva

A lexislación en materia de prevención de riscos procura a mellora das condicións de seguridade e saúde de todos os traballadores.

Algunhas das obrigacións relacionadas coa seguridade e saúde son as seguintes:

Empresario ou autónomo con traballadores

-Organización preventiva. Podes xestionar a prevención:

- Ti mesmo.
- Designando un ou máis traballadores.
- Concertando cun servizo de prevención alleo.
- Constituindo un servizo de prevención propio.
- Formando parte dun servizo de prevención mancomunado.

- Avalía os riscos laborais dos postos de traballo. Debes dispoñer dun documento escrito onde se enumeran e valoran os riscos de cada posto ademais de propoñer as medidas preventivas para evitalos.

-Planifica a actividade preventiva. Pon os responsables, os recursos, os medios e os prazos para levala a cabo.

-Entrega EPI aos teus traballadores. Debes dotalos dos equipos de protección individual adecuados e velar polo seu uso efectivo cando sexan necesarios.

-Informa os teus traballadores. Has informalos sobre os riscos para a súa seguridade e saúde no traballo, sobre as medidas preventivas e de protección e medidas de emerxencia.

-Formación dos teus traballadores. Debes proporcionarlles formación relacionada coa seguridade e saúde, no momento da contratación, e cada vez que cambien as súas funcións ou equipos.

-Vixilancia da saúde. Ofrécelles aos teus traballadores a vixilancia da saúde a través do servizo de prevención.

-Accidentes de traballo e enfermidades profesionais. Tes que notificar á autoridade laboral todos os accidentes con baixa médica e os mortais, investigar as súas causas e propoñer medidas preventivas. Debes ter unha listaxe cos accidentes e enfermidades profesionais con baixa médica superior a un día.

Todos os traballadores deben coñecer os riscos propios das tarefas diarias no seu centro de traballo, as medidas preventivas fronte a eses riscos e as medidas de emerxencia!

Traballador autónomo

- Coñece os riscos da túa actividade.
- Traballa sempre de forma segura.
- Vela pola túa seguridade: Ti es o responsable!



Coordinación de actividades empresariais

Se vai haber outras empresas ou autónomos traballando no contorno da túas colmeas ou instalacións, cómpre que vos informedes mutuamente dos riscos que unha actividade xera sobre da outra.

Debes dispoñer de documentación escrita para facilitar o intercambio de información nestas situacións.

Risco de caídas de persoas ao mesmo nivel

2



Se mantés a alvariza limpa de maleza, evitarás riscos de caídas e incendios.



Asegúrate de ter detrás das colmeas espazo suficiente para traballar.



Evita obstáculos, pendentes e desniveis na zona de traballo das colmeas.



Non deixes ferramentas no chan e onde poidan crear situacións de risco ao pasar.



Evitarás caídas se mantés o chan das instalacións limpo, especialmente se non dispós de solo antiesvaradío.



Mantén as vías de circulación libres de obstáculos.



Unha boa iluminación tamén diminúe o risco de tropezos, golpes e caídas.

3

Risco de caídas de persoas a distinto nivel

Se encontras un enxame salvaxe a grande altura que sexa preciso retirar e non estás capacitado para este tipo de traballos, avisa o 112.



Se retiras un enxame que está a máis de 3,5 metros do chan, debes usar un sistema anticaídas con arnés amarrado a un punto fixo ou liña de vida.



Para facer uso do arnés e do sistema anticaídas debes recibir previamente formación. Se non estás preparado, non realices traballo en alturas.



Evita desprazamentos ao bordo de desniveis.



Verifica sempre o bo estado da escada antes de usala.



Controla que a escada estea perfectamente apoiada, ben aberta se é de tesoir e co ángulo adecuado se é de man.




Coloca a escada de forma que exceda, polo menos nun metro, do punto de apoio superior.

O ascenso e descenso da escada de man debes facelo sempre de cara a ela.

Non cambies de sitio a escada mentres esteas subido nela.

Cando sexa necesario movela, debes baixar antes.

Asegúrate de que a inclinación da escada é a axeitada.
Ángulo = 70,5° / 75,5°



Risco de caídas de persoas a distinto nivel

3



Asegúrate de que non quedan ocos entre o molle de carga e o vehículo que se vaia cargar ou descargar.



Mantén a plataforma de carga limpa e estable.



Para subir e baixar do tractor, camiión, remolque ou calquera outra maquinaria, mantén os chanzos limpos, evita baixar dun salto e usa as agarradoiras.

Nunca utilices como elevadores de persoas, equipos que non estean destinados para ese fin.



Asegúrate de que as escaleiras, alzadeiros...están provistos de varandas ou doutros sistemas de protección axeitados e de que están en bo estado.



4

Risco de caídas de obxectos



Pon barreiras que protexan as colmeas dos ventos dominantes para evitar derrubamentos.



A forma e o tamaño do material para almacenar condicionan a altura do amoreamento que ten que ser estable.



Almacena os vultos máis lixeiros arriba e os máis pesados abaixo.



Evita as alturas excesivas de amoreamento. No posible, procura ter un só nivel.



Non te poñas debaixo dos equipos de elevación de cargas cando estean funcionando. Usa o casco de seguridade.



Utiliza sempre algún sistema que asegure a carga (cintas de amarre, reforzos...) cando vaías desprazala.

Risco dos equipos de traballo



Se usas rozadoira, non retires nunca as proteccións da máquina e utiliza os EPI axeitados, que deberás coordinar coas proteccións fronte ás picaduras e colocar debaixo delas:

- Protección ocular e auditiva.
- Botas de punteira reforzada.
- Luvas de seguridade.
- Roupas de seguridade anticorte (pantalóns e chaqueta de fibras).



Se fas desoperculado con coitelo de cortar, fai o corte de arriba cara abaixo para evitar feridas na man de axuda.



Se desoperculas cun coitelo eléctrico, retírao despois de usalo e manteno lonxe mentres non arrefrie.



Comproba que a centrifugadora está ancorada no chan para evitar golpes. Se non ten dispositivo que a bloquee durante o funcionamento, non a abras ata asegurarte de que xa está parada.



Non desactives ningún dispositivo de seguridade dos equipos.



Asegúrate de que os equipos están parados antes de realizares labores de limpeza ou mantemento.



Extrema as precaucións cando manipules cera líquida para evitar queimarte.



Usa luvas protectoras no manexo de resistencias durante a fixación da cera aos marcos.

6

Risco dos equipos que se desprazan



Antes de empezar o traballo coa carretilla automotora revisa:

- Protectores e dispositivos de seguridade.
- Sistemas de advertencia e alarma.
- Mandos en servizo, freos de pe e man, embrague.
- Fixación e estado da forza

Comproba que o asento ten o amortecemento en bo estado. Regúlao en altura e profundidade para a túa comodidade e pon sempre o cinto de seguridade.



Non transportes cargas superiores á capacidade da máquina. Respecta sempre o diagrama de carga que informa de canto diminúe a capacidade de carga segundo a que altura necesitemos facer a descarga ou a manipulación.

Circula a velocidade moderada e polas vías habilitadas. Nunca circules coa carga levantada, xa que reducirías a estabilidade da carretilla. A carga debe levarse aproximadamente a 15 cm do chan e co mastro completamente cara atrás.

Estaciona na zona prevista sen obstaculizar o paso, co equipo ben inmovilizado, e leva as chaves.



ACCIDENTES DE TRÁFICO

- Respecta os sinais de tráfico e as distancias de seguridade.
- Realiza un adecuado mantemento do vehículo que uses.
- Non conduzas baixo os efectos do alcol ou das drogas

Riscos eléctricos

CHOQUE ELÉCTRICO

Por contacto eléctrico directo ou con masas postas accidentalmente en tensión (contacto indirecto).

QUEIMADURAS

Por choque eléctrico ou arco eléctrico.

CAÍDAS OU GOLPES

Por choque eléctrico ou arco eléctrico.

INCENDIOS OU EXPLOSIÓNS

Por sobrecarga da instalación chispas ou cortocircuíto.

En caso de contacto eléctrico, a intensidade da corrente e da duración do contacto son os factores que máis inflúen na gravidade da lesión.

CORRENTE ALTERNA - BAIXA FRECUENCIA	
Intensidade	Efectos no corpo humano
< 0,5 mA	Non se percibe
1-3 mA	PERCEPCIÓN, pequeno formigo
3-10 mA	ELECTRIZACIÓN. Movemento reflexo muscular
10 mA	TETANIZACIÓN muscular, contraccións musculares
25 mA	PARO RESPIRATORIO, se a corrente atravesa o cerebro
25-30 mA	Forte efecto de tetanización, asfixia (paro respiratorio) a partir de 4 segundos. Queimaduras
60-75 mA	FIBRILACIÓN VENTRICULAR e incluso FALECEMENTO



Evita traballar na alvariza en caso de ameaza de tormenta.



Comproba que se realiza un mantemento periódico da instalación eléctrica.



Vixía o bo estado de interruptores, enchufes e cables, incluídos os dos equipos manuais.



Comproba que as carcasas dos equipos estean en bo estado, para evitar contactos eléctricos.



Nunca manipules equipos coas mans molladas!

8

Trastornos musculoesqueléticos

8.1 Manipulación de cargas e posturas forzadas



Procura que as colmeas queden á altura axeitada para evitar posturas forzadas.



Cando manexes colmeas cheas, pídelles axuda a outro apicultor.



Accede co vehículo o máis cerca posible da zona de carga. Así percorreras só a distancia necesaria.




No posible, utiliza medios que che faciliten o levantamento ou o transporte das cargas (carretillas, plataformas, carriños, etc).



Trastornos musculoesqueléticos

8.1 Manipulación de cargas e posturas forzadas




Aproxímate á carga e separa os pés.




Se a carga está no chan, flexiona os xeonllos e utiliza a forza das pernas para levantala.



PESOS MÁXIMOS EN CONDICIÓNS IDEAIS DE AGARRE:
home 25 kg, muller 15 kg.



Agarra a carga cerca do corpo firmemente e mantén as costas rectas.



Evita xiros do tronco coa carga e, se tes que dar a volta, faino movendo os pés.



Usa os medios dos que dispós da maneira na que foron deseñados.

8

Trastornos musculoesqueléticos

8.2 Movements repetitivos

ALGUNHAS TAREFAS CON MOVEMENTOS REPETITIVOS:

- Levantamento de cadros.
- Apertura e peche de frascos.
- Alimentación de máquina de enchido.
- Etiquetaxe de envases.



**Planifica descansos na xornada de traballo
e procura alternar tarefas.**



Riscos químicos



Evita inhalar fumes e gases. Utiliza lascas, follaxe, ou cartón sen tinguir, sen colas, nin cinta adhesiva no afumador, para evitar fumes e gases nocivos. Non é recomendable a queima de trapos.



Almacena os produtos químicos e veterinarios en lugares específicos.




Lava as mans antes e despois de manipular os produtos químicos e veterinarios.



Non comas, bebas nin fumes durante a súa aplicación.



As etiquetas informan dos perigos dos produtos químicos que usas. Préstalles atención para poder escoller os menos perigosos!



As fichas de datos de seguridade infórmanche dos equipos de protección que debes usar e de como has de proceder en caso de accidente.

SIGNIFICADO DOS PICTOGRAMAS DE PERIGO QUE PODEN APARECER NAS ETIQUETAS.

PERIGOS PARA A SAÚDE		PERIGOS FÍSICOS			PERIGOS PARA O MEDIO
	Corrosivo para a pel / ollos				
	Pode provocar danos importantes á saúde				
	Moi tóxico				
	Afecta á saúde		Gas a presión	Corrosivo para os metais	Perigoso para o medio

**Olo! Non tódolos perigos están representados por un pictograma
Alguns pictogramas poden ter significados diferentes.**

9

Riscos químicos

9.1 Produtos usados na desinfección

Información dos riscos que podemos encontrar nas etiquetas dalgúns produtos usados na desinfección.

PRODUTO	PICTOGRAMAS	FRASES DE RISCO
Lixivia	 	Provoca queimaduras na pel e lesións oculares graves. En contacto con ácidos, libera gases tóxicos. Moi tóxico para os organismos acuáticos.
Sosa cáustica		Provoca queimaduras na pel e lesións oculares graves.
Ácido acético	 	Provoca queimaduras na pel e lesións oculares graves. Líquido inflamable.
Formaldehido	  	Tóxico en caso de ingestión. Tóxico en contacto coa pel. Pode provocar unha reacción alérxica na pel. Tóxico en caso de inhalación. Sospéitase que provoca defectos xenéticos. Pode producir cancro. Provoca queimaduras na pel e lesións oculares graves.

Os pictogramas e as frases de risco que se indican poden non aparecer ou ben figurar outros diferentes segundo o concentrado que estea o produto.

Estes exemplos de información ofrécese a modo indicativo e poden sufrir modificacións; os produtos deben clasificarse e etiquetarse atendendo ao que indica o Regulamento CLP.

Manipula os produtos usados na desinfección en lugares ventilados.
Evita calquera exposición.
Usa os equipos de protección.

Riscos químicos

9

9.2 Medicamentos veterinarios

Usa os medicamentos veterinarios autorizados, podes encontrar información sobre eles na páxina web da Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios. www.aemps.gob.es

Os medicamentos autorizados son máis seguros para ti



Son fáciles de manipular e evitas riscos.

A cantidade de principio activo que conteñen é a correcta!



O risco de expoñerte ao principio activo é baixo se usas os equipos de protección adecuados.

Usa luvas de protección e, con produtos en po, usa ademais lentes de seguridade e máscara para partículas.

Non utilices preparacións artesanais, expóñente a un maior risco:



Requiren máis manipulación.



A cantidade de principio activo que vas usar pode non ser a correcta.



Mesmo se usas os equipos, corres máis risco de irritación (de pel e ollos), queimaduras e inhalación (dores de cabeza, tose, dificultade ao respirar), por ter unha maior posibilidade de contacto.

- Non abandones nunca os residuos de medicamentos na alvariza.
- Almacénaos nun contedor adecuado, exclusivo para eles, e ben etiquetado.
- Xestiónaos adecuadamente.

Accidentes causados por animais vivos

Se pasas por unha zona sen limpar, utiliza algún elemento que che permita amedrentar animais ou defenderte.



Mantén a alvariza pechada para evitar accidentes con animais que se introduzan no recinto.



Diminuirás o risco de picadura de serpes se mantés o recinto limpo de maleza.



Cando retires colmeas abandonadas comproba coidadosamente que non haxa animais indesexables dentro (serpes, ratos...) que poidan picarte ou morderte.



Non entres na alvariza, nin permitas que entren outras persoas, sen a roupa de protección.



Antes de quitar a roupa de protección de cabeza, arrédate da alvariza e asegúrate de que xa non hai abellas.



Un adecuado manexo evita picaduras:

- Usa sempre o afumador.
- Fai movementos suaves.
- Non traballes en fronte do baldón, faino por detrás.
- Evita prácticas que fomenten a pillaxe e a agresividade das abellas.



Se fas traslados de colmeas en vehículos:

- É recomendable que sexa pola noite.
- Carréxaas nun habitáculo independente ao do condutor.
- Cerra os baldóns e cóbreos con malla ou con calquera outro material que impida a saída das abellas en caso de accidente.

Picadura de abellas

O risco de padecer alerxia aumenta co número de picaduras.

Clases



Picadura simple: caracterízase por comechón, dor e avermellamento do punto.

Picaduras especialmente perigosas: son as picaduras múltiples ou as localizadas no colo e/ou na cara.

Reacción alérxica sistémica: pode provocar risco de morte por choque anafiláctico.

Prodúcese en traballadores xa sensibilizados. Vixía se aparece:

- Comechón e/ou sarabullo xeneralizado.
- Formigo e inchazón de beizos, ollos e cara.
- Opresión de garganta e/ou dificultade respiratoria.

Vixilancia da saúde

Ante unha reacción non habitual a unha picadura, acude ao teu médico



Se es persoal asalariado, acude ao servizo de prevención para que che realicen a vixilancia da saúde.

Se es autónomo, informa o teu médico da túa actividade como apicultor para detectar calquera problema de saúde relacionado co teu traballo.

11

Picadura de abellas

Se es alérxico:

1. Informa o servizo de prevención ou o teu médico de atención primaria da túa condición.
2. Vacínate.
3. Leva algún distintivo identificativo de que tes alerxia.
4. Leva adrenalina autoinjectable contigo e coñece como administrala.
5. Terás a consideración de traballador especialmente sensible para determinados traballos apícolas.

Vacínate!



A vacina proporciónache uns niveis de protección moi altos.

Exposición solar

12

Risco de golpe de calor.



Aproveita as horas menos calorosas para realizar tarefas ao aire libre.



Evita os cambios bruscos de temperatura, intenta acostumar-te gradualmente á calor.



Fai pequenas paradas á sombra.



Usa roupa transpirable baixo a roupa de traballo.



Leva auga e procura beber para compensar as perdas pola suor.



Non tomes alcol nin cafeína.

13 Perspectiva de xénero

ATENCIÓN ESPECIAL A ESTES RISCOS

- Calor.
- Manipulación de cargas.
- Posturas forzadas.
- Posturas estáticas.
- Golpes.
- Uso de produtos químicos.

É importante que informes o servizo médico se estás embarazada ou se estás en período de lactación natural.

Se estás embarazada, extrema as medidas de precaución cando manexes produtos químicos en cuxas fichas de seguridade aparezan as frases H340, H341, H360, H361.

Os produtos químicos con frase H362 pasan ao leite materno e poden provocarlle danos ao lactante.



Prevención de incendios

14



Apaga o afumador cun sistema seguro (afogamento en recipiente metálico).

Non baleires nunca o seu contido na alvariza.



Retira os cristais que vexas próximos á alvariza, poderían provocar un incendio.



Mantén a túa alvariza limpa de maleza.



Antes de usar o sobrete, asegúrate de que está en bo estado e procura probalo sobre unha superficie incombustible.



Revisa periodicamente o estado das bombonas e almacénaas lonxe de focos de calor.



Comproba que se realiza o mantemento periódico dos extintores cunha empresa autorizada.

Uso de extintor



Utiliza o extintor adecuado para cada tipo de lume.

Retira o pasador de seguridade.

Dirixe o chorro á base do lume cun movemento de varrido.

CLASES DE LUME

Axente extintor	Sólidos A	Líquidos B	Gases C
Auga chorro	Axeitado		
Auga pulverizada	Excelente	Aceptable	
Espuma	Axeitado	Axeitado	
Po ABC	Axeitado	Axeitado	Axeitado
CO2	Aceptable	Aceptable	

15 Medidas de emerxencia

Ante calquera situación de emerxencia na alvariza ou nas instalacións :

- Accidentes graves de traballadores.
- Incendios.
- Explosións.
- Atmosferas perigosas.
- Outras situacións.



1) Actúa só se a situación é asumible, se non dá a alarma.

2) Coñece onde están os medios de extinción e saídas de emerxencia das instalacións.

ACTIVACIÓN DO SISTEMA DE EMERXENCIA (PAS)

- PROTEXER

Extrema as medidas de precaución antes de actuar.
Protéxete e protexe ao accidentado dos riscos existentes.

- AVISAR


Avisa ao 112 e informa sobre:
Tipo de accidente, lugar e estado aparente das persoas involucradas.

- SOCORRER

Asiste ao accidentado en caso de que esteas preparado para elo, mentres chega a asistencia sanitaria especializada.



Debes dispoñer dunha caixa de primeiros auxilios no lugar de traballo co seguinte contido:
Gasas estériles, vendas, esparadrapo, soro fisiolóxico, desinfectante (povidona iodada), luvas desbotables, tesoiras, pinzas, bolsas de xeo instantáneo e crema antihistamínica.



Leva o teu teléfono móbil.
É recomendable ter na axenda os teléfonos de emerxencias, centros sanitarios máis próximos e persoas ás que avisar.



Na alvariza debes traballar sempre acompañado.

Primeiros auxilios

16

► Fracturas

Síntomas:

- Dor da zona.
- Imposibilidade de mover o membro.
- Pode presentar deformación ou inchazo.

Ante unha fractura non intentes endereitar o membro lesionado e inmobilízao.

► Feridas

- Lava con auga ou soro fisiolóxico.
- Seca a zona con gasas estériles.
- Aplica antiséptico e cubre a ferida.

► Hemorraxias

- Eleva o membro ferido se non existe fractura.
- Fai presión directa cun apósito ou tela limpa.

► Queimaduras

- Arrefría a zona con auga fría ou soro.
- Cubre cun apósito.
- Non apliques ningún tipo de pomada.
- Non rompas as ampolas.

► Contactos químicos

- Lava abundantemente con auga durante 15 minutos e acude ao médico.

► Intoxicacións por inhalación

- Retira o afectado da zona e, en caso de lugares pechados, ventila e usa **equipos de protección**.

► Golpe de calor

Síntomas:

- Calor.
- Sequidade na pel, mucosas e sobre todo na boca.
- Pel encarnada.
- Forte dor de cabeza.
- Confusión e perda de coñecemento.

En canto aparezan os síntomas pon ao afectado á sombra, fora da alvariza, íspeo, intenta refrescalo con auga e chama ao número de emerxencias 112.

► Picaduras e alerxia

Se es alérxico, has de estar vacinado e levar sempre contigo adrenalina autoinjectable.

O teu médico ha de instruírte no seu uso inmediato.

Ante unha picadura simple


- Non permanezas na zona.
- Retira suavemente o aguillón, rasca, sen premer.
- Lava zona con auga e xabón.
- Aplica crema antihistamínica.
- Se non mellora, acude ao médico.

Chama ao 112 ante estas situacións perigosas:

- Picadura múltiple.
- Picadura na cara ou no colo.
- Se presentas os seguintes síntomas:
 - Comechón e/ou sarabullo.
 - Formigo e inchazón de beizos, ollos e cara.
 - Opresión de garganta e/ou dificultade respiratoria.

POSICION LATERAL DE SEGURIDADE

É a postura de recuperación para manter unha persoa inconsciente que respira.



REANIMACIÓN CARDIOPULMONAR (RCP)

- 1) Comproba o nivel de consciencia do afectado, movéndoo e falándolle.
- 2) Se non responde, abre a vía respiratoria tirando da cabeza para atrás e cara arriba, e comproba que respira.
- 3) En caso negativo, avisa a emerxencias e inicia a RCP.
- 4) Comeza coas compresións cardíacas, intercalando insuflacións de aire nos pulmóns do accidentado.

SECUENCIA: 30 compresións cardíacas/2 insuflacións

RITMO: 100 compresións/minuto

Equipos de protección individual



Protección de cabeza

Usa careta con malla.

Procura que a careta sexa ampla e que a malla non quede pegada á cara, xa que as abellas poderían picar a través dos seus ocos.



Roupa de traballo

Usa o pantalón de traballo e o blusón con protección de cabeza incorporada ou roupa integral con protección de cabeza, preferentemente en cores claras.



Calzado antiesvaradío

Usa calzado antiesvaradío con punteira reforzada que permita meter por dentro a parte baixa de pantalón, o que evitará que entren abellas. Se usas calzado baixo, estarás máis protexido con polainas ou cinta de embalar que suxeite o pantalón aos nocellos.



Luvas de protección

Usa luvas específicas para apicultura.

Evita o látex porque pode danar a pel.



Luvas de protección química

No manexo de produtos químicos e veterinarios que o especifiquen, usa luvas con protección química.

Pictograma de resistencia química.



Pictograma de baixa resistencia química.



Usa as lentes e a máscara adecuadas aos riscos dos produtos químicos e veterinarios que utilices (po, líquidos que emanen vapores).

Lexislación básica, bibliografía e páxinas web

18

- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
- Lei 23/2015, do 21 de xullo, ordenadora do Sistema de Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención
- Real decreto 485/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo
- Real decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Real decreto 487/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á manipulación manual de cargas que entrañe riscos, en particular dores lumbares, para os traballadores
- Real decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual
- Real decreto 1215/1997, do 18 de xullo, polo se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo.
- Real decreto 374/2001, do 6 de abril, sobre a protección da saúde e seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo.
- Real decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais.
- Real decreto 1644/2008, do 10 de outubro, polo que se establecen as normas para a comercialización e posta en servizo das máquinas.
- Regulamento (CE) nº 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, e polo que se modifican e derrogan as Directivas 67/548/CEE e 1999/45/CE e se modifica o Regulamento (CE) nº 1907/2006
- Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas.
- Decreto 339/2009, do 11 de xuño, sobre ordenación sanitaria e zootécnica das explotacións apícolas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real decreto 563/2011, do 20 de abril, polo que se complementa o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais mediante o establecemento de catro cualificacións profesionais da familia profesional agraria.

Data revisión: setembro 2015

- *Seguridad laboral en la actividad apícola* (Junta de Andalucía)
- *Seguridad en la actividad apícola, nociones básicas*. Marcelo F. Genero. 2012
- *Evaluation de l'exposition au risque chimique lors de la lutte contre la varroa en apiculture*. Institute National de Médecine Agricole. Maria Odille Fayolle Poncet. 2009
- *Manual formativo. Retirada de enjambres en los servicios de prevención y extinción de incendios y salvamento*. Jaime Herrera Nardiz. Instituto Cántabro de Seguridade e Saúde no Traballo. 2011

- www.issga.xunta.es - Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral
- www.insht.es - Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo
- www.aemps.gob.es - Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios
- www.seaic.org - Sociedade Española de Alergología e Inmunología Clínica
- www.scaic.cat/scaic - Societat Catalana d'Allèrgia i Immunologia Clínica



Instituto Galego
de Seguridade
e Saúde Laboral

galicia

Os **A**TENDE **Agro** do Issga

Prevención de riscos laborais na
APICULTURA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE



XUNTA
DE GALICIA